

**CONCELLO  
DE VIGO**



**ÁREA DE RECURSOS HUMANOS  
E FORMACIÓN**  
Expdte. 32661/220

**ASUNTO:** Rectificación de erros na aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos correspondente ás prazas de Sarxento Extinción de Incendios (2 promoción interna), Bombeiro/a (10 quenda libre), Conductor/a Bombeiro/a (2 quenda libre), Oficial de Policía Local (1 praza promoción interna), Policía Local (10 quenda libre e 4 mobilidade horizontal), incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016.

**INFORME-PROPOSTA**

Con data 31 de outubro de 2018, publicouse resolución coas listas definitivas de admitidos/as e excluídos correspondente ás prazas de Sarxento Extinción de Incendios (2 promoción interna), Bombeiro/a (10 quenda libre), Conductor/a Bombeiro/a (2 quenda libre), Oficial de Policía Local (1 promoción interna), Policía Local (10 quenda libre e 4 mobilidade horizontal), incluídas na oferta de emprego público 2014-2015-2016, no Taboleiro de Editos do Concello e na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

No prazo regulamentario outorgado para completar a documentación ou emendar os defectos observados, D. S. Sanín Guldrís, aspirante ás prazas de bombeiro, presenta reclamación a través da oficina de rexistro virtual (ORVE) da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela mediante o servizo de rexistro virtual electrónico da Administración. Por erro na transmisión de datos non se xerou o documento de emenda no rexistro do concello de Vigo, de xeito que non se tivo constancia da mesma. Sendo a causa pola que quedou excluído provisionalmente correctamente emendada, procede a súa admisión definitiva.

En consecuencia, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, e de conformidade cos acordos da Xunta de Goberno Local de datas 19/06/2015 e 30/12/2016, sobre a delegación de competencias en materia de persoal, sométese á consideración do Concelleiro-Delegado da Área de xestión Municipal e Persoal a seguinte RESOLUCIÓN:

**“Primeiro.-** Declarar definitivamente admitido ao seguinte aspirante ás prazas de bombeiro correspondentes á oferta de emprego público 2014-2015-2016:

**BOMBEIRO/A  
QUENDA LIBRE**

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
SANÍN GULDRÍS	S	*****582F	ADMITIDO/A

**Segundo.-** Que pola Área de Recursos Humanos e Formación se proceda á publicación no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), da presente resolución, que contén a rectificación de erros na relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as ás convocatorias para a provisión das seguintes prazas: Sarxento Extinción de Incendios (2 promoción interna), Bombeiro/a (10 quenda libre), Conductor/a Bombeiro/a (2 quenda libre), Oficial



de Policía Local (1 praza promoción interna), Policía Local (10 quenda libre e 4 mobilidade horizontal), contidas na Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2014-2015-2016, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende a publicación do mesmo, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

EFC/bl

O TÉCNICO DE ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.- Ezequiel Fernández Carpiñero.

CONFORME:

A XEFA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS E FORMACIÓN.- María Dapena Gómez

DECRETO

RESOLVO de conformidade coa precedente proposta.

O CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL (Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de 19/06/2015).- Javier Pardo Espiñeira.

Dou fe,

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- M<sup>a</sup>. Concepción Campos Acuña.

